

REGULAMENTO ELECTORALA 2006

ÍNDICE

CAPITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Sección primeira - Principios Xerais

- Artigo 1.- Lexislación aplicable.
- Artigo 2.- Celebración de eleccións
- Artigo 3.- Sistema de eleccións
- Artigo 4.- Tempada electoral e prazos.

Sección segunda - Aprobación do regulamento electoral e convocatoria de eleccións

- Artigo 5.- Convocatoria de eleccións.
- Artigo 6.- Disolución da Xunta Directiva e constitución en Comisión Xestora.
- Artigo 7.- Calendario

Sección terceira – O Censo electoral.

- Artigo 8.- Composición.
- Artigo 9.- O censo inicial.
- Artigo 10.- O censo provisional.
- Artigo 11.- O censo definitivo.
- Artigo 12.- Protección de datos.

Sección cuarta – A Xunta Electoral.

- Artigo 13.- Constitución e disolución da Xunta Electoral.
- Artigo 14.- Integrantes da Xunta Electoral.
- Artigo 15.- Cargos e toma de decisións da Xunta Electoral.
- Artigo 16.- Funcións da Xunta Electoral.
- Artigo 17.- Funcionamento da Xunta Electoral.
- Artigo 18.- Recursos.

CAPITULO II ELECCION DA ASEMBLEA XERAL

Sección primeira – Composición da Asemblea Xeral

- Artigo 19.- Composición.
- Artigo 20.- Proporcionalidade na composición da Asemblea Xeral.
- Artigo 21.- Número de membros da asemblea xeral.

Sección segunda – Electores e elixibles.

- Artigo 22.-Electores e elixibles.

Sección terceira – Circunscrición electoral.

Artigo 23.- A circunscrición electoral

Sección cuarta – Presentación e proclamación de candidaturas.

Artigo 24.- Candidatos.

Artigo 25.- Presentación de candidaturas.

Artigo 26.- Proclamación dos candidatos.

Sección quinta – A Mesa Electoral.

Artigo 27.- Composición da Mesa Electoral.

Artigo 28.- Competencias da Mesa Electoral.

Artigo 29.- Acta

Sección sexta – Desenvolvemento das votacións.

Artigo 30.- Sistema de votación.

Artigo 31.- Acreditación dos electores.

Artigo 32.- Voto por correo.

Sección sétima – Escrutinio e proclamación de resultados.

Artigo 33.- Reconto de votos.

Artigo 34.- Proclamación de resultados.

Artigo 35.- Reclamacións ante a Xunta Electoral.

Artigo 36.- Resolución de reclamacións e proclamación de resultados definitivos.

Artigo 37.- Lista de suplentes.

CAPITULO III ELECCION DO PRESIDENTE

Sección primeira – Forma de elección.

Artigo 38.- Elección de Presidente

Artigo 39.- Constitución da asemblea xeral

Artigo 40.- Sistema de votacións para a elección de Presidente.

Sección segunda – Presentación e proclamación de candidaturas.

Artigo 41.- Presentación de candidaturas a Presidente.

Sección terceira – A Mesa Electoral.

Artigo 42.- Composición da Mesa Electoral para a elección do Presidente

Sección cuarta – Proclamación e vacantes.

Artigo 43.- Proclamación do Presidente

Artigo 44.- Vacante sobrevida na presidencia da FAG

CAPITULO IV ELECCION DA COMISION DELEGADA

Sección primeira – Forma de elección e composición da Comisión Delegada.

Artigo 45.- Elección de membros da comisión delegada.

Artigo 46.- Composición da comisión delegada.

Sección segunda – Candidaturas.

Artigo 47.- Presentación de candidatos á Comisión Delegada

Sección terceira – A Mesa Electoral.

Artigo 48.- Mesa Electoral.

Sección cuarta – Votación, escrutinio, proclamación e vacates.

Artigo 49.- Votación, escrutinio e proclamación de resultados.

Artigo 50.- Forma de cubrir vacantes

CAPITULO V RECLAMACIÓNS E RECURSOS ELECTORAIS

Sección Primeira – Normas comúns.

Artigo 51.- Acordos e resolucións impugnables

Artigo 52.- Lexitimación activa.

Artigo 53.- Contido das reclamacións e recursos.

Artigo 54.- Prazo de presentación das reclamacións e recursos.

Artigo 55.- Publicidade das resolucións dictadas como consecuencia das reclamacións e recursos.

Sección segunda –Reclamacións ante a Xunta Electoral da FAG.

Artigo 56.- Reclamacións contra o censo electoral inicial.

Artigo 57.- Reclamacións contra determinados aspectos da convocatoria de eleccións.

Artigo 58.- Reclamacións contra as resolucións das mesas electorais.

Sección terceira - Recursos ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 59.- Acordos e resolucións impugnables ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 60.- Tramitación

Artigo 61.- Esgotamento da vía administrativa.

Artigo 62.- Execución das resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAIS

REGULAMENTO ELECTORAL 2006

CAPITULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Sección Primeira - Principios Xerais

Artigo 1.- Lexislación aplicable.

As eleccións á Asemblea Xeral Presidente e Comisión Delegada da Federación Aeronáutica Galega (en adiante FAG) regularáanse polo establecido na Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia; no Decreto 228/1994, do 14 de xullo regulador das Federacións Deportivas Galegas; pola orde do 3 de abril de 2006 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas; polo establecido nos estatutos da FAG e polo presente regulamento electoral.

A FAG axustará, no posible, as súas actuacións, en particular no que se refire aos procesos electorais, ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

Artigo 2.- Celebración de eleccións.

1. A FAG procederá á elección da súa Asemblea Xeral, á do seu Presidente e á da Comisión Delegada cada catro anos.

2. O proceso electoral celebrarase dentro do ano no que corresponda a celebración dos xogos olímpicos de inverno, debendo prever o procedemento ordinario a súa finalización antes do 31 de decembro do citado ano.

Artigo 3.-Sistema de eleccións.

O sufraxio terá carácter libre, directo, igual e secreto.

Artigo 4.-Tempada electoral e prazos.

1. Na FAG a tempada oficial coincidirá co ano natural, computándose en consecuencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro.

2. A tódolos efectos os prazos que se sinalan neste regulamento considéranse inhábiles os domingos e festivos estatais, autonómicos e os locais do lugar onde teña o seu domicilio a FAG, así como o mes de agosto.

Sección Segunda - Aprobación do regulamento electoral e convocatoria de eleccións

Artigo 5.- Aprobación regulamento electoral e convocatoria de eleccións.

1. O Presidente da federación convocará asemblea xeral en sesión extraordinaria, para a aprobación do regulamento e Calendario Electoral.

2. Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da asemblea xeral da FAG, presentarase na Dirección Xeral para o Deporte, quen resolverá, no prazo máximo de 15 días hábiles desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a adecuación deste á normativa electoral de aplicación. En caso de non adecuación, procederase a súa devolución para a corrección dos extremos discordantes. Transcorridos estes sen que recaia resolución, entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a emenda de deficiencias, indicaranse estas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita corrección.

A aprobación do regulamento electoral coas modificacións feitas pola Dirección Xeral para o Deporte efectuarase por delegación pola Comisión Xestora de acordo co establecido na disposición final terceira deste regulamento. Incorporadas as modificacións, o novo regulamento presentarase a ese mesmo órgano administrativo para a súa aprobación definitiva.

3. Calquera procedemento electoral iniciado con base nun regulamento electoral non aprobado pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia será nulo de pleno dereito.

4. Garantirase a máxima difusión e publicidade do procedemento electoral. A convocatoria de eleccións será notificada a través dun medio que permita asegurar a recepción da notificación, cando menos, aos clubs integrantes da federación e exposta no taboleiro de anuncios na sede da federación, cun mínimo de 20 días de antelación ao inicio do procedemento, utilizando, se for posible, os medios electrónicos ou informáticos dos que dispoña a FAG. A súa publicación efectuarase tamén a través da web da FAG.

5. Igualmente cun mínimo de 20 días de antelación ó inicio do procedemento electoral remitirase copia da convocatoria á Dirección Xeral para o Deporte o cando se aprobe pola Asemblea.

6. A notificación da convocatoria de eleccións deberá conter cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:

- a) Regulamento e Calendario Electoral.
- b) Lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
- c) Lugar de consulta dos censos electorais, garantindo o acceso a súa consulta a todos os membros da federación interesados, así como os procedementos establecidos para as reclamacións destes.
- d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
- e) Composición e sede da Xunta Electoral da FAG.
- f) Censo provisional

Artigo 6.- Disolución da Xunta Directiva e constitución en Comisión Xestora.

Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a Xunta Directiva da FAG disolverase constituíndose en Comisión Xestora, que non poderá adoptar máis acordos que os de mera administración e trámite.

Artigo 7.- Calendario Electoral.

O Calendario Electoral, respetando o establecido neste regulamento electoral, recollerá de forma detallada, con indicación de prazos e datas todas e cada unha das actuacións, trámites, presentación e proclamación de candidaturas, presentación e resolución de reclamacións, proclamación de

resultados, recursos e calquera outro acontecemento que estea sometido a datas ou prazos e deba ser coñecido por tódolos interesados no proceso electoral. Reflexará, como mínimo, todo o desenvolvemento temporal que vai desde a aprobación do regulamento electoral pola Asemblea Xeral ata a proclamación e toma de posesión do Presidente que resulte elixido.

Sección Terceira – O Censo electoral.

Artigo 8.- Composición.

O censo electoral para a Asemblea Xeral incluírá as persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos para seren electores e elixibles, de acordo co establecido no presente regulamento electoral. Estará agrupado de acordo coa seguinte clasificación por estamentos:

1. Clubs deportivos
2. Deportistas
3. Técnicos
4. Xuíces.

Artigo 9.- O censo inicial.

1. O censo que ha de rexir en cada elección tomará como base o último existente actualizado cos datos dos que dispoña a FAG no momento en que este se faga público.

2. Previamente á convocatoria de eleccións o Presidente da FAG fará público no taboleiro de anuncios e na páxina web de FAG un censo inicial. Estará exposto durante un prazo de vinte días, prazo no que se poderán presentar reclamacións ante o Presidente da FAG. Resoltas as reclamacións o censo publicaráse como censo provisional simultaneamente coa convocatoria de eleccións.

3. Os datos dos clubs deberán ser coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, tendo a FAG a obriga de cotexar os ditos datos con carácter previo á publicación do censo provisional. No caso de discrepancias entre os datos que se encontran no rexistro da FAG e os que se encontran no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, efectuarase a oportuna comunicación ós clubs afectados para que no prazo de 10 días resolvan a discrepancia a efectos de que exista coincidencia de datos.

Artigo 10.- O censo provisional.

1. Efectuados os trámites a que se refire o artigo anterior o censo inicial convertirase en censo provisional.

Deste censo provisional remitirase copia á Dirección Xeral para o Deporte xunto co regulamento electoral aprobado pola Asemblea Xeral e a convocatoria de eleccións.

2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións publicaráse o censo provisional.

3. No censo provisional incluíranse os seguintes datos:

- a) Para os/as deportistas, técnicos e xuíces: nome, apelidos, número de licenza federativa e DNI.

b) Para os clubs deportivos: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

4. O censo provisional será exposto públicamente. A súa exposición pública deberá facerse de xeito que sexa facilmente accesible aos electores. Publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web da FAG, durante un prazo de oito días naturais para posibles reclamacións.

5. As reclamacións resolveranse pola Xunta Electoral da FAG no prazo de dous días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de reclamacións.

6. Contra a resolución que adopte ao respecto a Xunta Electoral, poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ó da notificación da resolución

7. Os membros da FAG que pertencen a máis dunha especialidade e/ou máis dun estamento no censo provisional deberán optar pola especialidade e estamento da súa preferencia ante a Xunta Electoral, mediante escrito que deberá presentarse dentro do prazo de reclamacións ao censo provisional a que fai referencia o punto 4 anterior.

De non exercer esa opción no prazo sinalado, a Xunta Electoral procederá cos seguintes criterios:

- a) Incluirase primeiro na especialidade na que poida acreditarse maior antigüidade.
- b) Despois de definida a especialidade os que teñan dereito a figurar como técnicos e como deportistas, serán incluídos no estamento de técnicos.
- c) Os que teñan dereito a estar como xuices e deportistas serán incluídos no estamento de xuices.
- d) Os que teñan dereito a estar como técnicos, xuices e deportistas serán incluídos no estamento de xuices.

8. A Xunta Electoral introducirá as correccións no censo electoral que se deban efectuar como consecuencia do exposto no punto anterior.

Artigo 11.- O censo definitivo.

O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación ningunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola Xunta Electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 12.- Protección de datos.

Os datos contidos no proceso electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Sección cuarta – A Xunta Electoral.

Artigo 13.- Constitución e disolución da Xunta Electoral.

1. A Xunta Electoral constituirase de forma simultánea á convocatoria de eleccións de acordo cos criterios establecidos no presente regulamento electoral.

2. A Xunta Electoral disolverase unha vez concluído o proceso electoral, incluíndo as posibles resolucións sobre eventuais reclamacións ou recursos interpostos, tanto á elección da asemblea xeral como a do Presidente e da comisión delegada.

Artigo 14.- Integrantes da Xunta Electoral.

1. A Xunta Electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura. A candidatura presentarse desde o momento da convocatoria da asemblea extraordinaria ata o momento inmediatamente anterior a celebrarse o sorteo.

2. A Xunta Electoral poderá estar asistida por un Secretario de actas con voz e sen voto. Deberá ser un membro da FAG designado pola Asemblea Xeral.

3. Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.
- d) Non ter relación contractual ou profesional coa FAG.

4. No caso de non presentarse candidatos a membros da Xunta Electoral ou ser estes insuficientes, o Presidente da FAG propondrá á asemblea as persoas necesarias para completar a lista. Deberán reunir os requisitos establecidos no punto anterior.

Artigo 15.- Cargos e toma de decisións da Xunta Electoral.

Actuará como Presidente e Secretario da Xunta Electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da Xunta Electoral tomaranse por maioría de votos.

Artigo 16.- Funcións da Xunta Electoral.

1. Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
2. Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e Presidente da federación, segundo o disposto no regulamento electoral.
3. Designar a Mesa Electoral de conformidade co previsto no regulamento electoral.
4. Aprobado as candidaturas que reúnan os requisitos exixidos, así como o resto da documentación electoral.
5. Expoñer publicamente as candidaturas na sede da federación.
6. Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
7. Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral ata a súa finalización.
8. Proclamación dos resultados electorais
9. Traslado aos órganos disciplinarios competentes das infraccións que eventualmente se paroduzan no proceso electoral.
10. Colaboración no exercicio das súas funcións co Comité Galego de Xustiza Deportiva.

11. Establecer os procedementos adecuados que garantan a comunicación directa aos afectados (persoas físicas e/ou clubs) de todas aquelas resolucións ou notificacións nas que sexan directamente interesados.
12. Publicación na páxina web da FAG de todas aquelas decisións, comunicacións e documentos que teñan como destinatarios os membros da FAG como colectivo, ou sexa de interese o público coñecemento
13. En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas polo presente regulamento electoral.

Artigo 17.- Funcionamento da Xunta Electoral.

1. A Comisión Xestora proveerá os medios tanto materiais como personais para que a Xunta Electoral leve a cabo as súas funcións.
2. A Xunta Electoral será convocada polo seu Presidente, por iniciativa propia ou a petición de dous dos seus membros. No caso de enfermidade ou imposibilidade do Presidente, poderá facer a convocatoria o Secretario sempre que o soliciten dous dos seus membros.
3. A Xunta Electoral constitúese validamente coa asistencia de dous dos tres membros que a compoñen e decidirán os asuntos da súa competencia por maioría dos asistentes. O Presidente ou o seu substituto contará con voto de calidade.
4. No caso de ausencia do Presidente e/ou Secretario, actuarán como tales os membros da Xunta Electoral de maior e de menor idade respectivamente.
5. Fíxase como indemnizacións para sufragar os gastos ocasionados aos membros da Xunta Electoral en cada reunión á que asistan, a cantidade de 60 € , se tivesen que desprazarse máis de 60 km. e comer, e 42 € se o seu desprazamento é inferior a 60 km. e non teñen que comer.
6. Os acordos da Xunta Electoral serán executivos, e notificaranse inmediatamente a súa adopción. Utilizaranse medios que permitan deixar constancia da recepción, sen perxuízo de que con posterioridade, se remita o texto íntegro da resolución, e se publique na páxina Web da FAG cando así se estableza no regulamento electoral.
7. De cada reunión deberá levantarse acta, que será asinada, cando menos, polas persoas que actúen de Presidente e Secretario.

Artigo 18.- Recursos.

1. Os recursos ante a Xunta Electoral deberán presentarse no prazo de tres días hábiles a partir do seguinte á data da notificación da resolución que se recurra. Transcorrido dito prazo sen que se teña interposto recurso, os acordos ou resolucións serán firmes.

A presentación poderá efectuarse no rexistro da FAG, e nas oficinas de Correos, sempre que no escrito conste selo con indicación clara da data de presentación.

No caso de que o escrito de recurso non se presente directamente no rexistro da FAG deberá comunicarse esa presentación antes das 20:00 horas do día seguinte mediante correo electrónico,

fax, ou calquera outro medio que permita ter constancia do contido do recurso e de que este se presentou. A Xunta Electoral tomará as medidas máis convenientes que permitan evitar a indefensión dos interesados sempre que teña constancia por algún medio do contido integro do recurso e da súa presentación.

2. Contra os acordos e resolucións das Xunta Electoral procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. As resolucións do Comité poñen fin á vía administrativa. Están lexitimados para interpoñer este recurso os representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da Xunta Electoral.

3. Os prazos para se formalizaren estes recursos serán de tres días hábiles desde o seguinte ao da notificación do acordo expreso da correspondente Xunta Electoral ou do seguinte a aquel en que rematou o prazo de resolución de reclamacións segundo o Calendario Electoral.

CAPITULO II ELECCION DA ASEMBLEA XERAL

Sección Primeira – Composición da Asemblea Xeral

Artigo 19.-Composición.

1. Na Asemblea Xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados nesta, cando menos, os clubs deportivos, os/as deportistas, os/as técnicos e os/as xuíces.

2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, por e entre os compoñentes de cada estamento, de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento electoral.

3. A representación dos clubs corresponde ao seu Presidente ou persoa autorizada, de acordo cos seus propios estatutos. O exercicio dos dereitos dos deportistas, técnicos e xuíces é persoal, e non admite ningunha delegación.

4. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

Artigo 20.- Proporcionalidade na composición da Asemblea Xeral.

1. A representación na Asemblea Xeral da FAG dos distintos estamentos estará suxeita a seguinte proporción:

Clubs deportivos	70%
Deportistas	20%
Técnicos	5%
Xuíces	5%

2. A representación de cada especialidade responderá a criterios de proporcionalidade ao número de clubs para o estamento de clubs e ao número de licenzas para cada un dos outros estamentos. En calquera caso todas e cada unha das especialidades terán cando menos un representante en cada estamento, sempre que o número establecido de membros de cada un deles permita esta opción.

3. Tendo en conta que a aplicación das porcentaxes ou proporcionalidades anteriores pode dar un resultado non exacto e como a representación vén determinada por persoas, a asignación do número de representantes efectuarase na contía numérica exacta que resulte máis próxima, en máis ou en menos, despois de efectuar o cálculo que corresponda.

Artigo 21.- Número de membros da asemblea xeral.

1. Unha vez aprobados definitivamente os censos electorais de cada un dos estamentos, e tendo en conta o número de membros do estamento de clubs, a Xunta Electoral fixará o número concreto de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes establecidas no artigo 20 e os criterios establecidos neste artigo.

2. Tódolos clubs que cumpran os requisitos de electores e elixibles forman parte da asemblea xeral.

3. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir, non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ó procedemento electoral. Non obstante, no caso de que nalgún estamento da asemblea houberse máis dun 20% de vacantes, unha vez rematado o procedemento electoral, nun prazo máximo de tres meses, o Presidente convocará eleccións nese estamento para cubrir as vacantes.

Sección Segunda – Electores e elixibles.

Artigo 22.-Electores e elixibles.

1. Poderán ser electores e elixibles:

1.1 Para os estamentos constituídos por persoas físicas: as persoas maiores de idade no momento da convocatoria electoral e que, como mínimo, cumpran os seguintes criterios:

1.1.1 Se as eleccións se realizasen no primeiro terzo da tempada, estivesen en posesión de licenza federativa nas dúas últimas tempadas e que participasen na actividade oficial nas dúas últimas tempadas.

1.1.2 Se as eleccións se realizasen no resto da tempada, estivesen en posesión de licenza federativa en vigor e a tivesen na tempada anterior e que participasen en actividade oficial na tempada anterior e na presente tempada.

1.2 Os clubs inscritos na respectiva federación que participen ou desenvolvan actividades dos programas oficiais desta, e que ademais cumpran os seguintes requisitos:

1.2.1 Participación ou realización de actividades

1.2.1.1 Se as eleccións se realizasen no primeiro terzo da tempada, que participase algun dos seus membros asociados en actividade oficial ou tivesen actividade oficial nas dúas últimas tempadas.

1.2.1.2 Se as eleccións se realizasen no resto da tempada, que participen algun dos seus membros asociados en actividade oficial ou teñan actividade oficial na tempada en vigor e a anterior.

1.2.2 Número de licenzas

1.2.2.1 Se a federación ten inscritos 30 clubs ou menos: os clubs que teñan, no momento da convocatoria, cando menos o 4% do total das ditas licenzas.

1.2.2.2 Se a federación ten máis de 30 clubs: os clubs que teñan, no momento da convocatoria, cando menos o 2% do total das ditas licenzas.

1.2.2.3 Para o cálculo destas porcentaxes teranse en conta os seguintes criterios:

- a) O número total de licenzas establecerase con base nos datos da última tempada finalizada.
- b) Soamente se computarán o número de licenzas pertencentes e tramitadas a través dos clubs inscritos na FAG.
- c) Non se computarán as licenzas vinculadas aos programas de escolas ou cursos.

2. No caso de que algún membro da federación pertenza a máis dunha especialidade e/ou máis dun estamento no censo provisional, aplicarase o establecido no artigo 10^o.-7 deste regulamento electoral.

3. Se un membro electo da asemblea xeral perde a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela. A súa substitución efectuarase de acordo cos seguintes criterios:

3.1 Se na especialidade e estamento afectado, no momento do proceso electoral houberse máis candidatos que elixibles, entrará a substituír o seguinte que obtivese máis votos que o substituído. En caso de empate a votos entrará o que tivese maior antigüidade de forma ininterrompida como federado.

3.2 Se na especialidade e estamento afectado, no momento do proceso electoral, non houberse máis candidatos, poderá iniciarse un proceso para a substitución. Deberá solicitalo ó menos 20% das persoas que sendo electores e elixibles no momento da solicitude poidan substituír a aquel que perdeu a condición de representante. A solicitude deberá vir acompañada de candidato ou candidatos para ser elixidos. Realizarase votación só no caso de que o número de candidatos sexa superior ó número de representantes que proceda elixir.

4. Non serán elixibles as persoas físicas ou xurídicas que incorran nalgunha causa de inelixibilidade establecida na normativa vixente.

Sección Terceira – Circunscrición electoral.

Artigo 23.-

A circunscrición electoral para tódolos estamentos, incluído o de clubs será a Autonómica, con sede nas oficinas da FAG. Tén carácter único e comprende todo o territorio de Galicia.

Sección cuarta – Presentación e proclamación de candidaturas.

Artigo 24.-Candidatos.

Só se poderá ser candidato por un estamento e especialidade.

Artigo 25.-Presentación de candidaturas.

1. As candidaturas presentaranse mediante comunicación dirixida á Xunta Electoral, no prazo sinalado no Calendario Electoral. O prazo de presentación de candidaturas será como mínimo de cinco días. No citado escrito, que deberá estar asinado polo interesado, figurará o seu domicilio e a data de nacemento, así como a especialidade deportiva e o estamento que pretende representar. **(Modelo de comunicación en Anexo I).**

2. Polo estamento de clubs, a candidatura será formulada polo seu Presidente mediante comunicación asinada por el mesmo ou por quen teña competencias para substituílo, conforme aos estatutos do club, facendo constar a dirección da entidade, especialidade deportiva, nome da persoa que ostentará a representación do club na asemblea, sinatura de aceptación da representación e adxuntando fotocopia do DNI do designado. **(Modelo de comunicación en Anexo II).**

Artigo 26.-Proclamación dos candidatos.

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Xunta Electoral proclamará os candidatos nun prazo non superior a corenta e oito horas. Esta proclamación farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina Web da FAG. No caso de que algún candidato resultase excluído deberá efectuarse notificación individualizada.

2. As reclamacións ou impugnacións contra ditas candidaturas deberán presentarse ante a Xunta Electoral no prazo de tres días hábiles seguintes a súa publicación e notificación no caso de producirse o suposto de exclusión a que fai referencia o número anterior. A presentación de reclamacións deberá efectuarse de acordo co establecido no artigo 18º deste regulamento.

3. Contra a resolución que adopte ao respecto a Xunta Electoral, poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días hábiles.

4. A Xunta Electoral resolverá as reclamacións ou impugnacións nun prazo non superior a dous días hábiles a partir do cerre do prazo de reclamacións. Do acordo expreso efectuarase notificación ós interesados.

5. As listas definitivas de candidatos para cada estamento e especialidade deportiva quedarán expostas nas oficinas da FAG até o mesmo día das eleccións. Estas listas definitivas publicaranse tamén na páxina web de FAG.

Sección Quinta – A Mesa Electoral.

Artigo 27.- Composición da Mesa Electoral.

1. Constituirase unha Mesa Electoral única para a elección dos membros da asemblea dos diferentes estamentos. Estará radicada na sede da FAG.

2. A Mesa Electoral estará composta por tres membros titulares (un Presidente, un Secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola Mesa Electoral entre os integrantes do censo. Serán Presidente e Secretario os membros de maior e menor idade respectivamente.
3. A asistencia á Mesa Electoral é obrigatoria, salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola Xunta Electoral. A non asistencia a esta poderá dar lugar á apertura de expediente disciplinario de conformidade co establecido na Lei 11/1997, do deporte de Galicia.
4. Así mesmo, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de electores, que serán identificados ante a Xunta Electoral con antelación non inferior a 48 horas do día da celebración das respectivas votacións. A Xunta Electoral expedirá a correspondente acreditación.
5. Fíxase como indemnizacións para sufragar os gastos ocasionados aos membros da Xunta Electoral por cada reunión á que asistan, a cantidade de 60 € , se tivesen que desprazarse máis de 60 km. e comer, e 42 € se o seu desprazamento é inferior a 60 km. e non teñen que comer.
6. Para garantir a constitución da Mesa Electoral facúltase á Xunta Electoral para que poida designar ata tres suplentes adicionais. Intervirán só no caso de inasistencia dos titulares e suplentes inicialmente indicados. En caso de necesidade, por inasistencia de titulares e suplentes, poderase constituir a mesa cos tres primeiros asistentes ás votacións.

Artigo 28.- Competencias da Mesa Electoral.

Son competencias da Mesa Electoral:

1. Declarar aberta e cerrada a xornada electoral
2. Recibir e comprobar as credenciais dos interventores
3. Comprobar a identidade dos votantes.
4. Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada para os efectos.
5. Adoptar as medidas oportunas para conservar a orde no recinto electoral e resolver as incidencias que puidesen presentarse.
6. Proceder á contaxe de votos.
7. Levantar acta dos votos emitidos, resultados, etc., así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

Artigo 29.- Acta

A acta será subscrita por tódolos membros da Mesa Electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á Xunta Electoral.

Sección sexta – Desenvolvemento das votacións.

Artigo 30.- Sistema de votación.

1. As votacións a membros da asemblea realizaranse en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario que se fixe na súa convocatoria. Soamente por causa de forza maior poderá non iniciarse ou interromperse a votación. En caso de suspensión da

votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a Xunta Electoral fixará unha data para a nova votación.

2. Cando o número de candidatos de calquera dos estamentos coincida ou sexa inferior ó número de membros que hai que elixir, non será necesario celebrar eleccións polo que a este estamento se refire.

3. Terase en conta o establecido no artigo 21. 4 deste regulamento, no caso de que nalgunha especialidade non se puidese atribuir, ó menos, un representante por cada un dos estamentos.

4. Cada elector poderá votar, como máximo, a tantos candidatos como corresponda elixir no estamento e especialidade á que pertenza.

5. Existirá un lugar oculto a vista do público con papeletas, onde o elector poderá introducir o seu voto nun sobre antes de emitilo. Os sobres e papeletas axustaranse ó modelo oficial que se establezca na convocatoria. Nas sedes dos clubs integrados na FAG e na propia FAG, existirán sobres e papeletas a disposición dos electores cunha antelación mínima de sete días á data de celebración das eleccións, a fin de facilitar o voto por correo.

6. Deberá haber papeletas oficiais unha por cada especialidade en distinta cor, especificando o estamento dentro da mesma especialidade (deportistas, técnicos e xuíces). Así mesmo os sobres permitirán e facilitarán a identificación da especialidade e estamento polo que se está a votar.

7. Chegada a hora de finalizar as votacións, o Presidente da mesa dará conta disto aos presentes en voz alta e non se permitirá a entrada a ningunha outra persoa no local. De seguido preguntará se algún dos presentes aínda non votou admitíndose os votos das persoas que, tendo dereito a votar, aínda non o tivesen efectuado. Acto seguido o Presidente introducirá na urna os votos emitidos por correo. Finalmente votarán os membros da mesa e os interventores se os houber.

Artigo 31.- Acreditación dos electores.

1. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar o seu DNI ou pasaporte, e documento que acredite ter licenza deportiva en vigor.

2. O Secretario da mesa comprobará a inclusión no censo e a identidade do votante. De seguido o Presidente da mesa introduce o sobre co voto na urna.

Artigo 32.- Voto por correo.

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da asemblea dos estamentos integrados por persoas físicas.

2. O voto por correo exercerase cando os electores prevexan que na data de celebración das votacións non van poder acudir persoalmente á Mesa Electoral por participaren nunha competición oficial, por cumpriren un deber público de carácter inescusable, ou no caso de enfermidade.

A causa alegada para solicitar o voto por correo acreditarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Participar nunha competición oficial. Deberá presentarse documentación acreditativa de estar inscrito expedida pola organización da competición.
- b) Deber público inexcusable. Presentarase documentación que xustifique suficientemente ese deber público
- c) Enfermidade. Acompañarase certificado ou informe médico que acredite a imposibilidade de poder desprazarse fisicamente.

3. Para exercer o voto por correo previamente deberá solicitarse polo interesado á Xunta Electoral, no prazo que vai desde a publicación do censo provisional ata 72 horas despois da publicación do censo definitivo.

4. Recibida pola Xunta Electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo do solicitante e a suficiencia e acreditación dos motivos alegados, resolvendo o procedente. En caso afirmativo, realizará a anotación correspondente no censo, co fin de que o día das votacións non se realice o voto persoalmente e estenderá un certificado autorizando o voto por correo.

5. Publicada a listaxe definitiva de candidaturas admitidas, enviaráselles aos solicitantes o certificado referido anteriormente, o sobre de votación e unha papeleta que corresponda ao estamento que pertenza, e que deberá levar a relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

6. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre de votación e pecharao. A copia da licenza en vigor e do DNI ou pasaporte, así como o sobre de votación e o certificado indicado anteriormente introducirase nun sobre dirixido á Mesa Electoral. Neste sobre deberá expresar o nome e apelidos do remitente, así como o estamento polo que vota.

7. O sobre remitirase por correo certificado ao lugar que sinale a Xunta Electoral, quen os custodiará e os entregará á Mesa Electoral correspondente no momento do peche desta. Non serán admitidos os sobres que se reciban con posterioridade.

8. A Xunta Electoral fará chegar, con 48 horas de antelación á celebración das eleccións, á Dirección Xeral para o Deporte, listaxe indicativo das persoas habilitadas para votar por correo, indicando nome e estamento no que están incluídos no censo definitivo.

Sección sétima – Escrutinio e proclamación de resultados.

Artigo 33.- Reconto de votos.

1. Finalizadas as operacións detalladas na Sección anterior do Regulamento, o Presidente da Mesa declarará cerradas as votacións e escomenzará o escrutinio.

2. O Secretario da Mesa Electoral irá extraendo un a un os sobres das urnas, abrindoos, lendo en voz alta os nomes dos candidatos votados e amosando cada papeleta ós interventores presentes. Finalizado isto confrontarase o número total de papeletas co número de votantes anotados.

3. Serán nulos:

- a) Os votos emitidos en papeletas non oficiais, así como os emitidos en sobres que conteñan máis dunha papeleta, salvo que as incluídas fosen idénticas. Neste caso só se computará un voto.
- b) Os votos emitidos a favor dun número de candidatos superior ó máximo establecido para cada estamento na especialidade correspondente.

4. Feito o recuento de votos, o Presidente da Mesa Electoral preguntará se alguén ten algunha protesta que formular contra o escrutinio. Non habéndoas, ou resoltas por maioría da Mesa as que se presentasen, anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, o de papeletas lidas, o de papeletas válidas, o de papeletas en branco, o de papeletas nulas e o de votos obtidos por cada candidatura.

Artigo 34.- Proclamación de resultados.

1. Finalizado o escrutinio as papeletas uníranse á acta asinada polo Presidente e demais membros da Mesa e xunto coas reclamacións, se as houber, faranse chegar de maneira urxente á Xunta Electoral.

2. Unha vez recibida a documentación pola Xunta Electoral e resoltas as dúbidas e reclamacións plantexadas ésta publicará, dentro do terceiro día hábil seguinte á celebración da elección, os resultados das eleccións.

3. En caso de empate entre dous ou máis candidatos, a Xunta Electoral procederá a realizar un sorteo entre os mesmos e proclamará o candidato electo.

Artigo 35.- Reclamacións ante a Xunta Electoral.

As reclamacións contra ditos resultados, deberán formularse ante a Xunta Electoral nun prazo non superior tres días hábiles dende a publicación daqueles. A presentación de reclamacións deberá efectuarse de acordo co establecido no artigo 18. 1 deste regulamento

Artigo 36.- Resolución de reclamacións e proclamación de resultados definitivos.

1. Dous días hábiles despois de finalizado o prazo para presentar impugnacións ou reclamacións, a Xunta Electoral resolverá o que proceda e publicará os resultados definitivos que quedarán expostos na sede da FAG e na súa páxina web. Estes resultados comunicaranse ós Clubs integrados na FAG e á Dirección Xeral para o Deporte.

2. Contra a resolución que dicte a Xunta Electoral poderá interpoñerse recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva de acordo co expresado no artigo 58.4 deste regulamento

Artigo 37.- Lista de suplentes.

Os candidatos que non fosen elixidos integrarán unha lista de suplentes para cada estamento, ordenada de acordo co número de votos obtidos. Esta lista servirá para cubrir, de forma automática, as vacantes que poidan xurdir na Asamblea Xeral con posterioridade ás eleccións.

CAPITULO III ELECCION DO PRESIDENTE

Sección primeira – Forma de elección

Artigo 38.- Presentación de candidaturas a Presidente.

1. Poderá presentar candidatura a Presidente da federación calquera persoa física de entre os membros da Asemblea Xeral que desempeñe a condición de tal como representante en calquera dos estamentos que a integran, que teña a condición política de galego, maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme.
2. Cada candidatura deberá vir avalada mediante a sinatura de, polo menos, o 10% dos membros da nova Asemblea Xeral da FAG.
3. Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá, previa ou simultaneamente, cesar nesta.
4. O Presidente saínte da federación será membro da nova Asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura a presidencia ou de téndoa presentado non resultar elixido.
5. A presentación de candidaturas para Presidente da federación farase mediante comunicación dirixida á Xunta Electoral, facendo constar a condición de membro de pleno dereito da asemblea xeral, xunto cos avais acreditativos da súa candidatura. (**Modelo de comunicación en Anexo III**).
6. O prazo de presentación de candidatos á presidencia da FAG, quedará automaticamente aberto o día da publicación do resultado definitivo das eleccións á membros da Asemblea Xeral e cerrarse segundo quede fixado no Calendario Electoral. O prazo será como mínimo de tres días.
7. A presentación poderá efectuarse no rexistro da FAG, nas oficinas de rexistro da Dirección Xeral para o Deporte, nas mesmas oficinas das Consellerías de Presidencia e de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, ou nas súas delegacións provinciais e nas oficinas de Correos, sempre que no escrito conste selo con indicación clara da data de presentación.
8. No caso de que a presentación non se efectúe directamente no rexistro da FAG deberá comunicarse esa presentación antes das 20:00 horas do día seguinte á finalización do prazo de presentación de candidaturas mediante correo electrónico, fax, ou calquera outro medio que permita ter constancia da presentación.
9. Finalizado o prazo de presentación e recibidas as candidaturas a Presidente da federación, a Xunta Electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a Presidente garantindo o acceso á súa consulta a todos os membros da federación interesados. Esta listaxe publicarse na Web da FAG. No caso de que algún candidato resultase excluído deberá efectuarse notificación individualizada.
10. Poderán presentarse impugnacións á lista provisional no prazo de tres días hábiles. A presentación poderá efectuarse nos lugares e cos requisitos indicados no artigo 18. 1.
11. As impugnacións serán resoltas pola Xunta Electoral no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes.
12. A Xunta Electoral, se é o caso, publicará no día seguinte hábil a lista definitiva de candidatos á presidencia da federación.

13. Contra a resolución da Xunta Electoral poderá interpoñerse recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días hábiles a partir da notificación do acordo expreso da Xunta Electoral.

Artigo 39.- Elección de Presidente

1. O Presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.

3. A persoa que resulte elixida Presidente terá que cesar en calquera outro tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial da FAG.

Artigo 40.- Composición da Mesa Electoral para a elección do Presidente

A Mesa Electoral para a elección de Presidente estará constituída por dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea xeral. O primeiro actuará como Presidente e o segundo como Secretario. Ata que conclúa a elección de Presidente, exercerán funcións de Presidente e Secretario da asemblea.

Sección segunda – Presentación e proclamación de candidaturas

Artigo 41.- Constitución da asemblea xeral

1. Para que se proceda a elección válida de Presidente será necesaria a presenza, no momento de iniciarse esta, cando menos, a metade máis un dos membros da asemblea.

2. No caso de non cumprirse o requisito establecido no punto anterior suspenderase a sesión. Unha hora máis tarde a asemblea xeral constituirase novamente en segunda convocatoria. A votación efectuarase cos membros presentes nese momento.

Sección terceira – A Mesa Electoral

Artigo 42.-Sistema de votacións para a elección de Presidente.

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria, tendo como únicos puntos do día a elección de Presidente e da Comisión Delegada da federación.

2. Comezada a sesión e constituída a Mesa Electoral, o Presidente procederá á presentación dos candidatos á presidencia. Terán un turno de palabra que lles será concedido por orde alfabético. A duración do turno marcarao a Mesa Electoral, non podendo ser superior a quince minutos por cada un dos candidatos. A continuación procederase á votación, que será secreta.

3. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da asemblea só poderá votar a un dos candidatos.
4. Terminada a votación, a Mesa Electoral procederá á contaxe de votos e levantará a oportuna acta.
5. No suposto de existir máis de dous candidatos será elixido Presidente o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos dos membros presentes.
6. Se ningún candidato obtén a maioría absoluta procederase, transcorrida media hora, a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados, saíndo elixido Presidente o que obteña a maioría simple dos votos emitidos.
7. No caso de existencia de soamente dous candidatos. Resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos emitidos.
8. No caso de empate a votos entre candidatos realizaranse ata dúas votacións de desempate, se fose necesario, dentro da mesma sesión. Resultará elixido o candidato que obteña a maioría simple de votos emitidos. Desde a finalización do reconto de votos dunha votación ata o inicio da seguinte deberán transcorrer, cando menos, trinta minutos. Se persistise o empate a votos entre candidatos, na mesma sesión efectuarase un sorteo que decidirá quen será o candidato elixido.
9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.
10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a Comisión Xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a Presidente no prazo máximo de 3 meses.
11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á Xunta Electoral.

Sección cuarta – Proclamación e vacantes

Artigo 43.- Proclamación do Presidente

1. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a Xunta Electoral proclamará Presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Dirección Xeral para o Deporte no prazo máximo de dez días.
2. Unha vez proclamado definitivamente o novo Presidente, a Comisión Xestora deberá poñer á disposición deste no prazo máximo de cinco días hábiles, contados desde a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Dirección Xeral para o Deporte.
3. Tras a súa proclamación, o Presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Dirección Xeral para o Deporte no prazo máximo de 3 días hábiles, dende o seu nomeamento.

Artigo 44.- Vacante sobrevida na presidencia da FAG

En caso de vacante sobrevida na presidencia durante o mandato da Asemblea Xeral, una Comisión Xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a Presidente no prazo máximo de tres meses. O procedemento electoral realizarase con aplicación do establecido neste regulamento.

CAPITULO IV ELECCION DA COMISION DELEGADA

Sección primeira – Forma de elección e composición da Comisión Delegada

Artigo 45.-Elección de membros da Comisión Delegada.

A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da asemblea xeral.

Artigo 46.- Composición da Comisión Delegada.

1. A Comisión Delegada está composta polo Presidente da FAG e once membros máis en representación dos distintos estamentos.
2. O Presidente da FAG, como membro nato, é tamén Presidente da Comisión Delegada.
3. A representación dos estamentos é a seguinte:

Sete polo estamento de clubs deportivos elixidos por e de entre eles. Ningunha especialidade poderá ostentar máis do 30 por cento da representación.

Dous en representación do estamento de deportistas elixidos por e de entre eles. Estes dous representantes non poderán pertencer á mesma especialidade.

Un correspondente ó estamento de técnicos, elixido por e de entre eles.

Un do estamento de xuíces, elixido por e de entre eles.

Sección segunda – Candidaturas

Artigo 47.- Presentación de candidatos á Comisión Delegada

1. As candidaturas para cubrir os postos da Comisión Delegada presentaranse mediante comunicación á Xunta Electoral no mesmo prazo e oficinas que para Presidente. No escrito da candidatura deberá figurar a especialidade e o estamento a que pertence o candidato. (**Modelo de comunicación en Anexo IV**).

2. Respecto ás candidaturas á Comisión Delegada será de aplicación establecido nos puntos 6, 7, 8, 9 e 10 do artigo 38 deste regulamento

Sección terceira – A Mesa Electoral

Artigo 48.- Mesa Electoral.

A Mesa Electoral estará integrada polos mesmos membros que a correspondente á elección do Presidente.

Sección cuarta – Votación, escrutinio, proclamación e vacantes

Artigo 49.- Votación, escrutinio e proclamación de resultados.

Unha vez finalizada a elección do Presidente procederase á votación para a elección dos representantes da Comisión Delegada.

Particularidades:

1. Para a elección de representantes dos clubs, cada elector poderá votar como máximo a cinco candidatos.
2. Para a elección de representantes dos estamentos de deportistas, técnicos e xuíces, cada elector poderá votar tantos candidatos como número de representantes a elixir.
3. Se o número de candidatos non excedese do número de postos a cubrir, non será necesario proceder á votación.
4. Non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto.
5. Se se producisen empates entre candidatos realizarase unha nova votación media hora máis tarde. No caso de persistir o empate realizarase inmediatamente unha terceira votación. De seguir persistindo o empate o resultado da elección determinarase mediante sorteo.

Artigo 50.- Forma de cubrir vacantes

As vacantes na Comisión Delegada, tanto sexan sobrevidas como as que resulten na elección inicial por inexistencia de candidatos, poderán cubrirse dentro das seguintes condicións:

1. Que teñan transcorrido seis meses desde a elección inicial
2. Que existan candidatos
3. Que o solicite, cando menos, o dez por cento dos membros da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO V RECLAMACIÓN E RECURSOS ELECTORAIS

Sección Primeira – Normas comúns.

Artigo 51.- acordos e resolucións impugnables

Poden ser obxecto de reclamación ou recurso, nos termos previstos neste capítulo, os seguintes acordos ou resolucións:

1. Acordos dos órganos de goberno e representación da FAG referentes á inclusión ou exclusión de electores e elegibles no censo electoral.
2. As resolucións adoptadas durante o proceso electoral e, en relación co mesmo, pola Comisión Xestora e pola Xunta Electoral.
3. Calquera outras actuacións, acordos ou resolucións adoptados no ámbito federativo en procedementos que afecten á composición dos órganos de goberno e representación, de acordo co disposto nas normas de regulación deportiva que puidesen ser aplicables.

Artigo 52.- Lexitimación activa.

Poderán interpoñer reclamacións e recursos as persoas interesadas. Considéranse como tales aquelas que resulten afectadas directa ou indirectamente nos seus dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos polo acordo ou resolución, ou que puidesen obter un beneficio pola revisión do mesmo.

Artigo 53.- Contido das reclamacións e recursos.

As reclamacións e recursos deberán presentarse por escrito debidamente asinado no que se fará constar:

1. Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
2. Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante o órgano diante do que se interpón a reclamación ou recurso.
3. Enderezo a efectos de notificacións se fose distinto do expresado nos puntos anteriores.
4. De ser posible, enderezo de correo electrónico, número de fax ou calquera outro método que facilite a comunicación.
5. Lexitimación para interpoñer o recurso.
6. Acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
7. As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
8. As pretensións que deduzan de tales consideracións.
9. Lugar, data e sinatura.

Artigo 54.- Prazo de presentación as reclamacións e recursos.

1. O prazo para a presentación de reclamacións e recursos será o que se establece, para cada caso, neste regulamento electoral e/ou no calendario electoral. No caso de que non se indique prazo expreso este será de tres días hábiles contados de acordo co expresado no punto seguinte.
2. Os prazos, salvo indicación expresa distinta, computaranse en días hábiles a partir do seguinte á data de notificación do acordo ou resolución impugnada. Transcorrido o prazo sen terse interposto a reclamación ou recurso, o acordo ou resolución será firme.

Artigo 55.- Publicidade das resolucións dictadas como consecuencia das reclamacións e recursos.

As resolucións dictadas como consecuencia de reclamacións e recursos notificaranse ós directamente interesados e publicaranse nos tablóns de anuncios da FAG e nos dos clubs interesados. Publicaranse na páxina web de FAG cando así o estableza este regulamento. Se o regulamento non indica nada ó respecto o órgano que dicta a resolución valorará a conveniencia desa publicación.

Sección Segunda –Reclamacións ante a Xunta Electoral da FAG.

Artigo 56.- Reclamacións contra o censo electoral inicial.

As reclamacións en relación co censo electoral inicial efectuaranse e resolveranse conforme ó establecido no artigo 9 deste regulamento electoral.

Artigo 57.- Reclamacións contra determinados aspectos da convocatoria de eleccións.

1. A Xunta Electoral da FAG es competente para coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten, sendo a súa resolución ou o seu silencio un requisito previo para a presentación as reclamacións que se interpoñan contra os seguintes aspectos da convocatoria de eleccións:
 - a) O censo electoral provisional.
 - b) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
2. Os restantes aspectos da convocatoria de eleccións só poderán ser impugnados ante o Comité de Disciplina Deportiva da Xunta de Galicia, nos termos que se establecen na sección terceira deste capítulo.
3. O prazo para interpoñer as reclamacións a que se refire o punto 1, a) anterior será de oito días naturais, tal como establece o artigo 10. 4 deste regulamento. O prazo para interpoñer as reclamacións a que se refire o punto 1, b) será de tres días hábiles a contar dende o seguinte á notificación da convocatoria. A presentación deberá efectuarse nas oficinas e condicións indicadas no artigo 18. 1 deste regulamento.
4. As reclamacións resolveranse pola Xunta Electoral no prazo de dous días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de reclamacións, tal como establece o artigo 10. 5 deste regulamento. No caso de que a reclamación non fose resolta

expresamente dentro de dito prazo, poderá considerarse desestimada, ós efectos de interpoñer recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia.

5. Contra a resolución que adopte ao respecto a Xunta Electoral, poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ó da notificación da resolución

Artigo 58.- Reclamacións contra as resolucións das mesas electorais.

1. A Xunta Electoral da FAG será competente para coñecer das reclamacións que se interpoñan contra as resolucións das Mesas Electorais.

2. O prazo para interpor as reclamacións a que se refire o apartado anterior será de tres días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación da resolución impugnada, tal como establece o artigo 18. 1 deste regulamento

3. A Xunta Electoral deberá resolver a no prazo de dous días hábiles, desde o seguinte á finalización do prazo de interposición do recurso ou reclamación. No caso de que a reclamación non fose resolta expresamente en dito prazo, poderá considerarse desestimada, aos efectos de interpoñer recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia.

4. Contra as resolucións que dicte a Xunta Electoral poderá interperse recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ó da notificación da resolución

Sección terceira - Recursos ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva

Artigo 59.- Acordos e resolucións impugnables ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

O Comité Galego de Xustiza Deportiva será competente para coñecer en última instancia administrativa dos recursos interpostos contra:

1. Acordo de convocatoria das eleccións, así como contra a distribución do número de membros da asemblea xeral por especialidades e por estamentos, contra o Calendario Electoral e contra a composición da Xunta Electoral.
2. As resolucións que adopte a Xunta Electoral da FAG, en relación co censo electoral, tal e como establece o punto 6 do artigo 10 deste regulamento electoral.
3. As resolucións adoptadas durante o proceso electoral e en relación co mesmo pola Comisión Xestora ou calquera outro órgano da federación e pola Xunta Electoral da FAG de acordo co establecido neste regulamento.
4. Acordo da elección de Presidente e de membros da comisión delegada da FAG.
5. Calquera actuación, acordo e/ou resolución adoptados no ámbito federativo en procedementos que puidesen afectar á composición dos órganos de goberno e representación.

Artigo 60.- Tramitación dos recursos dirixidos o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

1. Os recursos dirixidos o Comité Galego de Xustiza Deportiva como órgano adscrito a la Administración, os sinalados no artigo 38.4 da lei 30/1992 e poderán presentarse nas oficinas e condicións indicadas no artigo 18. 1 deste regulamento electoral, no prazo de cinco días hábiles, a partir do seguinte á data de notificación da resolución que se recorre ou daquel no que rematou o prazo para dictarse esa resolución de acordo co establecido neste regulamento ou no Calendario Electoral.

2. A Federación, Comisión Xestora ou Xunta Electoral diante dos que se tivese presentado o recurso deberá remitir ó Comité Galego de Xustiza Deportiva, de forma inmediata, comunicación expresiva da interposición do recurso, con indicación da data de presentación, identidade do recurrente, e acto recorrido.

Artigo 61.- Esgotamento da vía administrativa.

As resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva esgotan a vía administrativa e son susceptibles de recursos contencioso administrativo.

Artigo 62.- Execución das resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

A execución das resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva corresponden a Xunta Electoral ou, no seu caso, ó Presidente da FAG, ou a quen o substitua lexitimamente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado calquera regulamento electoral aprobado para o ámbito territorial da FAG en materia de deportes aéreos.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Todo o non contemplado así como a interpretación deste regulamento axustarase ó disposto na orden 3 de abril de 2006, da Consellería de Cultura de Deporte da Xunta de Galicia.

Segunda. O presente regulamento electoral, que consta de 5 capítulos e 62 artigos, unha disposición derogatoria e tres disposicións finais, de acordo co disposto no artigo 13 dos vixentes Estatutos da FAG, foi aprobado pola Asemblea Xeral extraordinaria en sesión celebrada o día 30 de setembro de 2006.

Terceira. A Asemblea Xeral, órgano da FAG habilitado legalmente para aprobar ou modificar calquera regulamento, expresamente delega na Comisión Xestora da FAG para que poida modificar o actual regulamento electoral como consecuencia das prescricións legais ou indicacións que a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia efectúe para a súa definitiva aprobación e inscrición registral.

FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALEGA

Aprobado pola asemblea xeral extraordinaria en Santiago de Compostela a trinta de setembro do dous mil seis.

Victor M Maiztegui León
Presidente de la FAG

Alvaro Deibe Díaz
Secretario de la FAG